

## COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO ACORDO DE SELECCIÓN TEMPORAL, ACCESO INTERNO E ADSCRICIÓN PROVISIONAL

### ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO  
Manuel Fernández Jauregui, Xerente  
Emilio Martínez Rivas, Vicexerente de Recursos  
Humanos  
José M. Fernández Viña, Xefe Servizo de PAS (está  
nun curso)  
Margarita González Hernández, Xefa Sección  
Emprego e Programas, secretaria.

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE  
Luís Pérez Gómez, Presidente (CIG)

COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA  
Marcos Estévez Orge (CC.OO.)  
Ángel Torreiro Varela (UXT)

XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO  
José Santiago Santos García (UXT)  
Xoan Cebro Rodríguez, (CIG)  
María Fariza Novoa (CC.OO.)

Acta da reunión celebrada ás 14  
horas do 20 de maio de 2011, na sala de  
xuntas nº 1 da Xerencia, coa asistencia  
das persoas que se citan á marxe e de  
acordo coa seguinte

### ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta do 06.05.11
2. Proposta convocatoria contratación  
temporal TE apoio FIE
3. Proposta convocatoria contratación  
temporal TM apoio FIE
4. Proposta convocatoria contratación  
temporal TS apoio FIE
5. Rogos e preguntas.

### 1. APROBACIÓN DA ACTA DO 6 DE MAIO DE 2011

Apróbase a acta por unanimidade coas modificacións seguintes:

- Xoán Cebro solicita que se engada á súa intervención no punto 2: "...para estas prazas e para o PDI".
- Luis Pérez solicita que no punto 5 se retire a situación persoal na que se atopa a persoa titular do posto e que no punto 6 se retire o término "literalmente".

Tanto Ángel Torreiro como Luis Pérez solicitan a publicación das actas na web.

### 2. PROPOSTA CONVOCATORIAS DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE TÉCNICOS SUPERIOR, MEDIO E ESPECIALISTA DE APOIO FORMACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA.

O Vicexerente de Recursos Humanos propón que os apartados 2, 3 e 4 se traten en conxunto.

Luis Pérez Gómez solicita que despois do discutido na reunión da Comisión de Política de Emprego, se retiren estes puntos da orden do día, xa que á parte social non pode discutir sobre unhas convocatorias cando non hai acordo sobre as prazas.

Marcos Estévez manifesta que os representantes do Comité de Pontevedra non van a participar nin na convocatoria nin nos tribunais destas prazas.

O Vicexerente de Recursos Humanos sostén que non as vai retirar, que foron retiradas da reunión anterior por problemas de forma, pero que unha vez subsanados a Xerencia considera imprescindible convocar os procesos selectivos, adaptados ás bases e procedementos acordados coa parte social.

### **3. ROGOS E PREGUNTAS.**

Luis Pérez expón que hai problemas na xestión de listas de agarda de peticións de cambios de quenda e localidade, que se están facendo interpretacións distintas e non se aplican os criterios correctamente, e que ademais as incidencias non están documentadas convenientemente e non se poden resolver as reclamacións.

Margarita González explica que dende a entrada en vigor do Convenio Colectivo, o persoal laboral contratado non fai peticións de traslados senón que entrega no Servizo de PAS o padrón como medio para xustificar a localidade de residencia, de xeito que no momento en que se produza unha vacante no campus onde resida, tras atender os cambios de quenda e traslados solicitados polo persoal fixo, realizarase a oferta pola lista de agarda correspondente ofrecéndollo aos candidatos da lista de agarda que presentaran un certificado de empadramento.

Luis Pérez solicita que se publiquen na web a relación de peticións de cambios de quenda e localidade do persoal laboral fixo. Outros membros salientan a necesidade de poder consultar a situación real das listas de agarda na web en cada momento. O Vicexerente de Recursos Humanos explica que se pretende visitar ao Servizo equivalente da Universidade de Santiago para ver cómo funciona a súa aplicación e implantala aquí.

Luis Pérez pregunta cal é o criterio de desempate a seguir para a concesión dos traslados ao persoal laboral fixo, xa que despois da última incorporación de AT SX hai varios casos de empate. O Vicexerente e Margarita González explícanlle que polo de agora se ten en conta o posto que acadaron na oposición.

Ángel Torreiro comenta que este criterio é unha solución temporal pero que deberíamos tratar de melloralo. Luis Pérez expón que recibe moitas consultas sobre traslados, cambios de quenda e demais xa que moitos dos traballadores do campus de Ourense residen na provincia de Pontevedra e estima necesario que haxa coherencia na información facilitada polos integrantes do servizo de PAS. Ademais pregunta que se fai cando a unha persoa contratada temporal que xa está traballando nunha categoría e se lle chama para outra categoría, por estar tamén nesa lista, rexeita o ofrecemento. Margarita González contesta que queda en suspenso ata que remate o contrato no que está traballando.

Luis Pérez alega que o que establece o Convenio colectivo e o Acordo é a opción entre un contrato e outro, polo que non está de acordo con ese proceder.

O Xerente propón que si non están de acordo co criterio que se está a aplicar, os membros da comisión poderían traer propostas para estudalas.

Margarita González expón o caso dunha persoa que está desempeñando funcións de categoría superior e que na súa categoría de orixe ten solicitado o traslado de campus, no momento actual se xurdise unha vacante na súa categoría definitiva no campus de residencia non se lle ofertaría por estar en funcións de categoría superior. Algúns membros opinan que habería que ofertarlla en aras da conciliación familiar.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 14:45 horas, da que como Secretaria redacto esta acta.